

EXPTE NÚM: 1204/2018

DECRETO ALCALDÍA

Antecedentes

Bases reguladoras do Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e as entidades locais para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

Visto o convenio asignado con data de 23 de xuño de 2016, entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Caldas de Reis para a participación e a prevención e defensa contra incendios forestais para os anos 2016-2018, 5 traballadores, nas categorías profesionais de 1 Capataz, 1 Péon Conductor e 3 Peóns Forestais, sendo o importe concedido de 28.269,65€.

Bases xerais polas que se establecen as normas para a selección do persoal con carácter temporal para as Brigadas Forestais 2018 (do Convenio de colaboración para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016-2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do PDR de Galicia 2014-2020)

Informe desfavorable de secretaría e intervención municipal.

Vista as propostas emitidas polo Tribunal cualificador, presididos por D. Adolfo Méndez nas que se acreditan que no posto de CAPATAZ FORESTAL, non se presentou ningún dos candidatos, no posto de PEÓN FORESTAL, non superan a proba de Aptitude Física ningún dos candidatos/as, e no posto de PEÓN CONDUTOR, foi seleccionado un so candidato e non quedando ningún candidato na lista de agarda.

De conformidade co disposto nas citadas bases, e en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, RESOLVO

PRIMERO.- Convocar o segundo proceso selectivo de 4 traballadores, nas categorías profesionais de 1 Capataz, 3 Peóns Forestais, e constituír unha lista de agarda para Péon Conductor.

SEGUNDO.- Modificar o artigo 3 e 5 das Bases Reguladoras do procedemento selectivo que para a selección do persoal con carácter temporal para a Brigada Forestal 2018, quedando redactadas do seguinte xeito: “**ART. 3: ASPIRANTES QUE PODEN**

PRESENTARSE.: As persoas interesadas en tomar parte neste proceso selectivo deberán presentar no Rexistro Xeral do Ilmo. Concello de Caldas de Reis, polos medios definidos no artigo 16 da lei 39/2015, instancia dirixida ó Alcalde-Presidente, na que farán constar que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos na base 5º, no **prazo de 5 DÍAS HÁBILES**, contados a partir do seguinte da publicación do anuncio desta convocatoria nun dos xornais de maior implantación na comarca. Así mesmo a convocatoria, xuntamente coas bases estará exposta no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>

ART 5º: REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

As persoas interesados no proceso deberán entregar a seguinte documentación con carácter previo á realización da proba práctica:

- a) Fotocopia do DNI.
- b) Fotocopia do título esixido dos estudos realizados.
- c) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- d) Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego.
- e) Fotocopia do carné de conducir.
- f) Certificado médico de estar apto para a realización da proba de aptitude física.
- g) Fotocopia dos méritos que alegue o candidato.
- h) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- i) Autorización ao Concello de Caldas de Reis para comprobar ou verificar os datos achegados nos apartados anteriores.

Debido a urxencia da contratación, no caso de que a documentación non se presente directamente no rexistro do Concello, o interesado deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos (para este suposto), ou o selo de entrada (para o caso de presentarse no rexistro doutra Administración, cando isto resulte admisible) e, ao mesmo tempo, debe anunciar ao Concello a remisión da súa solicitude mediante fax o mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a solicitude se é recibida con posterioridade á data de terminación do prazo de presentación de instancias (Número de fax 986530393).”.

TERCEIRO.- Convocar o procedemento selectivo que se iniciará coa publicación das bases e do decreto da convocatoria na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal> e no taboleiro de anuncios do concello e dun anuncio da convocatoria no xornal Faro de Vigo.

Caldas de Reis, xullo de 2018.
O Alcalde-Presidente

DOCUMENTO DATADO E ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393